

Compras en liña seguras

Volven chegar o Black Friday, o Cyber Monday e despois o Nadal, épocas nas que se disparan as compras por Internet. Desde a Amtega queremos axudarche a tomar as precaucións necesarias para que as túas compras en liña sexan máis seguras:

- Se vas comprar nunha tenda en Internet que non coñezas previamente, **investiga** na rede a súa reputación.
- Coidado coas **ofertas increíbles**, poden agochar sorpresas desagradables.
- Examina con coidado as **garantías**, os prazos de entrega e a posibilidade de cancelar a compra ou devolver os produtos. Ten en conta tamén a orixe, pola posibilidade de retención nas aduanas.
- Elixe **medios de pago seguros** e, se é posible, que che ofrezan protección adicional como consumidor:
 - Tarxetas virtuais ou prepagamento nas que podes ir metendo o diñeiro preciso para cada compra sen expor os datos da túa tarxeta de débito ou crédito.
 - Aplicacións de pago en liña de reputación contrastada.
 - Nos casos que parezan menos fiables, consultar a posibilidade de pago contra reembolso (pode supor un incremento do prezo).
- Evita a opción de lembrar os teus datos de pago na páxina de compra: poderían chegar a quedar expostos.
- Mantén supervisión sobre os gastos que se cargan ás túas tarxetas ou contas. Se téas unha app bancaria, configura de maneira axeitada as notificacións.
- Segue as prácticas recomendadas para as túas contas de usuario e os teus **contrasinais**. Evita utilizar como identificador a túa conta de correo corporativa e activa sempre que poidas o dobre factor de autenticación.
- Segue tamén as prácticas recomendadas para que a túa navegación por internet sexa **segura**.



Boa compra!

Lembra que podes atopar máis información e consellos sobre ciberseguridade e protección de datos no portal ciberseguridadegalicia.gal